

ABAU

CRITERIOS DE AVALIACIÓN - EXEMPLO 2

LINGUA GALEGA E LITERATURA

(Cód. 02)

PREGUNTA 1. Comprensión do texto de Antía Yáñez.

1.1. Indique nunha liña como máximo o tema do texto. **(0,5 puntos)**

1.1. Elabore un resumo do texto no que recolla as súas ideas principais. **(1 punto)**

1.3. Propoña un adxectivo para describir a protagonista do texto e outro para describir a Bieito. Escolla un enunciado concreto do texto para xustificar a súa proposta. **(1 punto)**

1.1.

Tema do texto: valórase que o alumnado sexa quen de captar a esencia da temática do texto nunha única liña. Por exemplo: A escravitude / dependencia / limitación de liberdade provocada pola exposición pública nas redes. // Presión sobre a propia imaxe debido aos estereotipos de xénero.

1.2.

Valórase que o alumnado redacte un resumo no que recolla as ideas principais do texto, con coherencia e cohesión.

1.3.

0,25 puntos cada adxectivo e 0,25 se escolleu adecuadamente o enunciado que o xustifique.

Por exemplo:

- Bieito = manipulador. “sempre dirixida polas profesionais que controlaba Bieito”.
- Protagonista = dependente. “deixara de ter o control sobre a súa propia vida”. Aquí admitimos tamén “influencer” (“ía case polo medio millón de seguidores”).

PREGUNTA 2. Producción textual

2. Redacte un texto no que relate a súa experiencia coas redes sociais, tanto desde o punto de vista de consumidor como de produtor (Extensión aprox. 250 palabras). **(2,5 puntos)**

Valórase a capacidade para producir un texto argumentativo coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente.

Os **2,5 puntos** desagregaranse do seguinte xeito:

1. Construción textual (contido e estrutura). Coherencia. 1 punto.

Valórase:

- 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da **información pertinente e necesaria** para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns), como a “orixinalidade gratuita”. Débense evitar as paráfrases do texto.
- 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade **continuidade temática e progresión informativa**, así como non introducir contradicións. O adecuado emprego dos signos de **puntuación**.
- 1.c) A organización da información e a súa **división clara en parágrafos** (exemplo: introdución, desenvolvemento, conclusións).
- 1.d) Uso pertinente de diversidade de **conectores**.

2. Adecuación léxico-gramatical e cohesión. 0,75 puntos.

Valórase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade (coloquialismos) e dos textos espontáneos e non planificados, como os que amosan un requintamento afectado, así como as palabras comodín. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos, é dicir, evitar as repeticións mediante o emprego dos procedementos de cohesión (gramaticais e léxico-semánticos).

Marcar e penalizar: **coloquialismos, palabras comodín, repeticións...**

Tamén se penalizarán cuestións de presentación e formato, como non subliñar os títulos das obras.

3. Corrección lingüística. 0,75 puntos.

Débense aplicar os mesmos criterios que na valoración lingüística xeral.

Observación: No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación de acordo cos criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta. Non se considerarán os textos (ou partes deles) que carezan da necesaria pertinencia con relación ao tema proposto.

PREGUNTA 3. Funcionamento da lingua (sobre o texto de Antía Yáñez)

3.1. Analice sintacticamente: “Nunca tivera as cifras moi claras.” (1 punto)

3.2. Segmente morfoloxicamente e indique o valor de cada morfema: seguidores, artificial, imperfeccións, branqueadora. (1 punto)

3.3. Localice no texto tres palabras pertencentes ao mesmo campo semántico. Indique se aparece tamén o seu hiperónimo e, de non ser así, propoña un. **(0,5 puntos)**

3.1.

(0,1 + 0,1) Nunca: adverbio ou frase adverbial en función de Complemento Circunstancial de Tempo ou Complemento Circunstancial de Negación.

(0,1) tivera: verbo en función de Núcleo do Predicado.

(0,1 + 0,1) as cifras: frase nominal (DET + NOMINAL) ou frase substantiva (DET + NÚCLEO), en función de Complemento Directo. Tamén se acepta sintagma en lugar de frase.

(0,1 + 0,4) moi claras: frase adxectiva (MOD + NÚCLEO) en función de Predicativo.

3.2.

0,25 cada palabra correctamente segmentada e analizada. 0,10 p. se está ben segmentada e 0,15 p. se se indica o valor correcto dos morfemas (de todos eles, de xeito que un valor mal por palabra xa supón 0 puntos).

0,25 - Segu-i-dor-es: raíz (morfema léxico) + morfema flexivo (VT) + morfema derivativo (sufixo) + morfema flexivo de plural.

0,25 - Artifici-al: raíz (morfema léxico) + morfema derivativo (sufixo).

Art-ifici-al: raíz (morfema léxico) + morfema derivativo (sufixo) + morfema derivativo (sufixo).

Art-i-fici-al: raíz (morfema léxico) + interfixo + raíz (morfema léxico) + morfema derivativo (sufixo).

0,25 - Im-perfec-ción-s: prefixo (morfema derivativo) + raíz (morfema léxico) + morfema derivativo (sufixo) + morfema flexivo de número.

0,25 - Branqu-ea-dor-a: raíz (morfema léxico) + morfema derivativo (sufixo) + morfema derivativo (sufixo) + morfema flexivo de xénero.

Branqu-e-a-dor-a: raíz (morfema léxico) + morfema derivativo (sufixo) + vogal temática + morfema derivativo (sufixo) + morfema flexivo de xénero.

3.3.

As catro palabras teñen que estar correctamente escritas segundo o galego normativo (do contrario, non se contabilizarán).

0,25 polas tres palabras do mesmo campo semántico (unha mal, sería 0,1 e dúas mal 0).

0,25 polo hiperónimo, adecuado ao campo semántico escollido.

Por exemplo: fotógrafa, perruqueira, maquilladora. Hiperónimo: profesionais da imaxe / profesións.

PREGUNTA 4. Lingua e sociedade

4.1. Analice o texto da imaxe, indicando as principais características sociolingüísticas da época na que foi escrito (1942) e difundido. Explique as consecuencias deste período para os prexuízos lingüísticos cara ao galego. (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

Este texto escribiuse na ditadura (1939-1975), época na que as linguas de España diferentes do castelán estaban prohibidas e só esta tiña status de “lingua oficial”, como se recolle no cartel. Como consecuencia, as demais linguas quedaron relegadas aos usos privados, familiares e coloquiais, mentres o castelán era a única empregada nas funcións de prestixio social, como a administración, escola, medios de comunicación, política, etc. Isto provocou no imaxinario colectivo a asociación do castelán cos grupos sociais con maior poder, riqueza e cultura, de xeito que se creou o prexuízo segundo o cal o castelán representaba estes valores e o galego os contrarios. Así, só o feito de falar galego xa implicaba ser marcado como unha persoa pobre e inculta. De aí que no código da época, “ser caballero” supoñía falar a lingua “superior”, o castelán, ata o punto de que se consideraba vulgar e de mala educación falar galego. Por conseguinte, a mobilidade social implicaba tamén un cambio de lingua, do castelán ao galego.

Ademais, este cartel intenta fomentar un sentimento patriótico vinculado de forma exclusiva ao castelán, de xeito que nega a pluralidade lingüística de España. Hoxe en día, aínda se manteñen algúns destes prexuízos que consideran o castelán por riba do galego e, ademais, quedan restos dos comportamentos derivados deles, como por exemplo pon en evidencia o feito de que aínda non aceptemos con normalidade as conversas bilingües. En efecto, cambiar do galego ao castelán cando o interlocutor é castelanfalante continúa a ser un comportamento frecuente, porque isto era o que marcaban as normas de “cortesía” e “educación” da época.

4.2. Sitúe o seguinte texto na época correspondente e indique dúas características lingüísticas fundamentais do galego escrito nela, sempre a partir de exemplos do propio texto. Sinale brevemente un aspecto positivo e outro negativo da situación social do galego neste período (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

“Eu caracterizaría aos homes do meu tempo preocupados polas cousas do esprito, dicindo qu’eramos -e somos- os auténticos vencidos da vida. (...) O probrema dos inadaptados é un dos grandes probrems das decadenzas. Hai nises tempos d’economía, de políteca e de ténica, unha chea de naturezas estremadamente delicadas e coscentes, depositarias das mais depuradas esencias da cultura...”.

Vicente Risco, “Nós, os inadaptados”, *Nós*, 1933.

Vicente Risco pertence ao Grupo Nós e é, xunto con Castelao e Otero Pedrayo, un dos creadores da narrativa moderna en lingua galega. Cronoloxicamente situámoslos no primeiro terzo do século XX, período no que encontramos desde un punto de vista lingüístico un desexo de afastarse do castelán, polo que son moi habituais os hiperenxebrismos, como “probrema” (2ª liña), en lugar de “problema”, ou “coscentes” (4ª liña), en lugar de “conscientes”. Tamén se manteñen característi-

cas máis propias do período anterior (Rexurdimento), como os vulgarismos. No texto: “esprito” (1ª liña), en lugar de “espírito”; “políteca”, en lugar de “política” (vacilación vocálica, 3ª liña); “ténica”, en lugar de “técnica” (eliminación do primeiro elemento dun grupo culto, 3ª liña). Ademais, podemos destacar o uso de apóstrofos, como en “qu’eramos”, co fin de reproducir as contraccións vocálicas propias da oralidade.

Canto á situación social, neste período asistimos a un avance importante xa que se comeza a usar o galego en intervencións públicas orais, ademais de que se avanza tamén na súa normalización canto á extensión de xéneros literarios e tipos de textos escritos, labor no que destacan a Revista Nós (1920) e o Seminario de Estudos Galegos (1923). Porén, continúa a diminución de falantes e a distribución lingüística en función das clases sociais, vinculándose o castelán coas clases altas e o galego co campesiñado, a excepción destes grupos de intelectuais xa citados.

PREGUNTA 5. Educación literaria:

5. Contextualice o texto de Otero Pedrayo na época literaria correspondente e identifique e explique dúas características do seu estilo narrativo apoiándose no propio fragmento. Indique outros dous narradores máis destacados deste período e sinala unha obra de cada un deles. (Ext. aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

“Dona Rosiña vive e goberna no pazo da beiramar. Algúns pazos foran gastados, enteiriños, por don Xoán. Mais el sempre se reserva os mobles, e da montaña e da ribeira, dos pazos vendidos a disbarate, chegan retablos dourados de capelas, leitos taraceados, arcaces de fino labor, armas antigas, retratos de frades estáticos, de terribles señores, de donas de opulenta beleza como marmelos outonizos. No pazo de beiramar converxen todos os ríos da ascendencia de don Xoán, e don Xoán no medio dos preciosos mobles cre ser dono de todos os pazos herdados.” Ramón Otero Pedrayo, “O fidalgo”, *Contos do camiño e da rúa*, 1932.

Otero Pedrayo inclúese no Grupo Nós (1920), que supuxo a modernización da prosa en lingua galega, co cultivo de todo tipo de rexistros (narrativa curta, novela, ensaio...), despois de que, na época anterior, o xénero protagonista do Rexurdimento fose a poesía. En cambio, no primeiro terzo do século XX, período ao que pertence este texto, os escritores pretenden estender o galego a todo tipo de textos escritos e empregalo tamén nas intervencións públicas orais. Neste obxectivo tamén desempeñou un importante papel o Seminario de Estudos Galegos (1923).

O estilo narrativo de Otero Pedrayo caracterízase polas oracións longas, como podemos comprobar na segunda deste texto (catro liñas sen puntos), e as descrições moi coidadas con abundante adxectivación, trazo que tamén destaca neste fragmento (“chegan retablos dourados de capelas, leitos taraceados, arcaces de fino labor, armas antigas, retratos de frades estáticos, de terribles señores, de donas de opulenta beleza”). Ademais, a temática das súas obras xira arredor da decadencia da fidalguía galega, que queda patente no texto a través da perda dos pazos, símbolo desta clase social (“Algúns pazos foran gastados, enteiriños, por don Xoán”).

Ao Grupo Nós tamén pertencen Castelao, con obras narativas tan relevantes como *Cousas*, *Retrincos* ou *Os dous de sempre*; ou Vicente Risco, do que destaca sobre todo *O porco de pé*.

PREGUNTA 6. Educación literaria:

6. Analice dúas características deste poema que permitan situalo no seu movemento literario. Contextualíceo historicamente e indique outras dúas correntes poéticas da mesma época, así como un dos seus autores máis representativos e unha das súas obras. (Ext. aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

Este poema pertence ao primeiro terzo do século XX e, en concreto, ao movemento vangardista, que pretende romper coa poesía anterior e reivindica a arte pola arte, é dicir, a autonomía da arte e a súa finalidade puramente estética. Destacan as características da deshumanización da obra artística, o antirromanticismo e o antisentimentalismo. Aínda que en Galicia a única tendencia puramente vangardista é o creacionismo, temos influencias europeas doutros ismos como o cubismo, o futurismo e o surrealismo.

Este texto en concreto inclúese na corrente denominada neotrobadorismo, que non é considerada unha vangarda plena, posto que non se pode falar dunha ruptura total coa tradición, pois os autores mantiveron unha proximidade ética coa realidade galega.

O neotrobadorismo xorde pola difusión en Galicia da nosa lírica medieval. Caracterízase por recuperar a temática e os recursos paralelísticos propios da literatura trobadoresca medieval. Así, observamos que este poema é de temática amorosa pois expresa o desexo dun amor correspondido e nel aparece a palabra “amigo” coa acepción de namorado, marca de xénero das cantigas de amigo medievais. Ademais, presenta refrán, é dicir, a repetición dos últimos versos de cada estrofa, neste caso en orde alterna: “Quén poidera namorala! Meu amigo!”.

Outras dúas correntes desta época, das vangardas propias da nosa literatura, son:

- Hilozoísmo, cuxo autor máis representativo é Amado Carballo e unha das súas obras *Proel*.
- Creacionismo, que ten como autor máis significativo a Manuel Antonio, co seu poemario *De catro a catro*.

Tanto na pregunta 4 como na 5 espérase unha resposta breve, pero redactada, non contestada de xeito esquemático.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Ademais dos contidos de cada pregunta, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, que se aplicará a todas as preguntas, **excepto a 2**. Polo tanto, sobre a cualificación global poderase descontar ata un **máximo de 2 puntos** por erros. Estes poderán ser:

- **Moi graves:** Desconto **0'2 puntos cada un**. Solucións alleas ao estándar no **nivel morfolóxico e sintáctico**, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.
- **Graves:** Desconto **0'1 puntos cada un**. Solucións alleas ao estándar no **nivel léxico**, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *random... Tamén se considerará falta grave a incorrecta **acentuación diacrítica**.
- **Leves:** Desconto **0'05 puntos cada un**. Solucións **ortográficas** contrarias ao estándar vixente (b/v, h, *ourense), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, o emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.